

Decálogo pola inclusión

Reivindicacións de Down Galicia no 21M · Día Mundial da Síndrome de Down

01

Unha atención temperá pública e de calidade

Que todos os nenos e nenas reciban a axuda necesaria para o seu desenvolvemento.

02

Unha educación inclusiva e non segregadora

Queremos estar na aula cos nosos compañeir@s. Participar, aprender e contar cos apoios axeitados. Que a administración proporcione os recursos necesarios a todo o profesorado.

03

Unha aposta clara pola formación e o emprego inclusivo

Queremos compartir tempo e espazo con persoas sen discapacidade. A formación e o acceso a un posto de traballo son un dereito!

04

Respecto para as nosas decisións!

Que nos deixen ser persoas autónomas e independentes. Experimentar, querer, divertirnos e equivocarnos.

05

Un envellecemento activo sen saír da nosa contorna

As persoas coa síndrome de Down envellecemos antes, e hai que telo en conta. Precisamos utilizar os recursos sociosanitarios para persoas maiores.

06

Unha atención sanitaria igualitaria e respectada

A síndrome de Down non é unha enfermidade. Non todos os nosos problemas de saúde son por mor da nosa discapacidade.

07

Unha sociedade na que ninguén decida por outra persoa

Non queremos que nos incapaciten legalmente, senón que nos apoiem para tomar as nosas decisións.

08

Unha vida chea de oportunidades

Merecemos as mesmas oportunidades que o resto. Que nos deixen desenvolver as nosas capacidades. Queremos demostrar a nosa valía!

09

Un mundo que non discrimine a ninguén

Todas as persoas temos os mesmos dereitos e obrigas. Da igual a raza ou a cor, a relixión, o xénero ou o número de cromosomas.

10

Unha sociedade que respecte a diversidade

Queremos vivir nunha sociedade xusta. Que inclúa a todas e todos. Sen excepción.